



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 314

VIII lexislatura

16 de setembro de 2010

Fascículo 1

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Resolución da Presidencia do Parlamento, do 15 de setembro de 2010, pola que se prorroga o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de modificación da Lei 2/2004, do 21 de abril, pola que se crea o Servizo de Gardacostas de Galicia

[91296](#)

Resolución da Presidencia do Parlamento, do 15 de setembro de 2010, pola que se prorroga o prazo de presentación de emendas ao

articulado ao Proxecto de lei de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade

[91296](#)

Emendas ao articulado formuladas ao Proxecto de lei polo que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia [08/PL-0012 (36940)]

– Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. 47922)

[91298](#)

– Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 47923)

[91304](#)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Resolución da Presidencia do Parlamento, do 15 de setembro de 2010, pola que se prorroga o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de modificación da Lei 2/2004, do 21 de abril, pola que se crea o Servizo de Gardacostas de Galicia

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 48416, escrito do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, polo que se solicita a prórroga do prazo para a presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de modificación da Lei 2/2004, do 21 de abril, pola que se crea o Servizo de Gardacostas de Galicia

A Presidencia, tendo en conta a inmediatez da conclusión do prazo –o día 17 de setembro de 2010– antes das próximas reunións da Mesa e da Xunta de Portavoces previstas para o día 21 de setembro de 2010, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 13 de xullo de 2009, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 48, do 13 de xullo de 2009), resolve:

1.º) Admitir a trámite o documento número de rexistro de entrada 48416, presentado polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

2.º) Prorrogar o prazo de presentación de emendas ao articulado ata o día 27 de setembro de 2010, ás 18.30 horas.

3.º) Dar conta deste acordo á Mesa e á Xunta de Portavoces na vindeira reunión delas que teñan lugar.

4.º) Notificarlles este acordo aos grupos parlamentarios.

5.º) Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2010

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

Resolución da Presidencia do Parlamento, do 15 de setembro de 2010, pola que se prorroga o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 48422, escrito do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, polo que se solicita a prórroga do prazo para a presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.

A Presidencia, tendo en conta a inmediatez da conclusión do prazo –o día 17 de setembro de 2010– antes das próximas reunións da Mesa e da Xunta de Portavoces previstas para o día 21 de setembro de 2010, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 13 de xullo de 2009, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 48, do 13 de xullo de 2009), resolve:

1.º) Admitir a trámite o documento número de rexistro de entrada 48422, presentado polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

2.º) Prorrogar o prazo de presentación de emendas ao articulado ata o día 27 de setembro de 2010, ás 18.30 horas.

3.º) Darlle conta deste acordo á Mesa e á Xunta de Portavoces na vindeira reunión delas que teñan lugar.

4.º) Notificarlles este acordo aos grupos parlamentarios.

5.º) Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2010

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

Emendas ao articulado formuladas ao Proxecto de lei polo que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia

A Mesa da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego, na reunión do 13 de setembro de 2010, adoptou os seguintes acordos:

Cualificación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei polo que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia [08/PL-0012 (36940)]

BOPG núm. 247, do 08.06.2010

Examinados os dous escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acordan a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas ao articulado

Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. 47922)

Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 47923)

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2010

Pilar Rojo Noguera

Presidenta

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI POLO QUE SE
SUPRIME O ORGANISMO AUTÓNOMO SERVIZO GALEZO DE
PROMOCIÓN DA IGUALDADE DO HOME E DA MULLER E SE MODIFICAN
DETERMINADOS ARTIGOS DA LEI 2/2007, DO 28 DE MARZO, DO
TRABALLO EN IGUALDADE DAS MULLERES DE GALICIA (NUM. EXPE.
08/PL-0012).**

Emenda nº1, de Supresión. Artigo único

Débese suprimir o artigo único

Emenda nº2, de Adición. Artigo único

Adición dun novo artigo único bis), co seguinte contido:

" As funcións da Dirección Xeral do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller serán asumidas polo titular do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de igualdade."

Emenda nº3, de Modificación. Artigo único

Propoñemos a seguinte modificación no punto 2 do artigo único:

Onde di: "... desta lei a ser desenvolvidas polo departamento ...", debe dicir: "... desta lei a ser desenvolvidas polo órgano superior da Administración autonómica competente en materia de igualdade."

Emenda nº4, de Modificación. Disposición adicional primeira

Na disposición adicional primeira - Réxime de persoal, onde di: "... quedará adscrito ao departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade.", debe dicir: "... quedará adscrito ao órgano superior da Administración autonómica competente en materia de igualdade."

Emenda nº5, de Supresión. Disposición adicional primeira

Na disposición adicional primeira - Réxime de persoal, débese suprimir o segundo parágrafo.

Emenda nº6, de Supresión. Disposición derogatoria única

Débese suprimir

Emenda nº7, de Modificación. Disposición derradeira primeira. Un

Modificación na disposición derradeira primeira. Un. Artigo 7. Unidade Administrativa de Igualdade. Onde di: "... estará coordinada co departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade. ...", Debe dicir: "... estará coordinada e vinculada funcionalmente co órgano superior da Administración autonómica competente en materia de igualdade. ..."

Emenda nº8, de Modificación. Disposición derradeira primeira. Dous

Propoñemos unha nova redacción da disposición derradeira primeira. Dous. Artigo 42. Promoción autonómica das medidas municipais de conciliación, que quedará radactada co seguinte contido:

"Disposición derradeira primeira. Dous. Artigo 42. Promoción autonómica das medidas municipais de conciliación."

1.As medidas adoptadas polos concellos coa finalidade de facilitaren a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas traballadoras, constitúan ou non un plan local de conciliación, serán promovidas polo órgano superior da Administración autonómica competente en materia de igualdade, en coordinación co departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo. Para o asesoramento aos concellos, constituirase unha comisión de persoas expertas, entre outras materias que se consideren convenientes, en socioloxía, en economía, en dereito, en igualdade de oportunidades e en comunicación social.

2. A promoción autonómica das medidas municipais de conciliación desenvolverase regulamentariamente, despois de ser oída a Federación Galega de Municipios e Provincias, e preverá a implantación de bancos municipais de tempo e de plans de programación do tempo da cidade.

3. Os plans locais de conciliación executaranse buscando a colaboración entre as entidades locais e autonómica, nos termos convenientes, atendendo ás particularidades de cada concello, para o que se habilitarán as subvencións e transferencias correspondentes."

Emenda nº9, de Modificación. Disposición derradeira primeira. Tres

Propónse a modificación do artigo 46. Medidas de apoio aos bancos municipais de tempo, que quedará redactado co seguinte contido:

"1.O órgano superior da Administración autonómica competente en materia de igualdade fomentará en coordinación co departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, e nos termos do desenvolvemento regulamentario, a constitución de bancos municipais de tempo, a través de subvencións á contratación de persoas traballadoras desempregadas para a xestión, a organización e a posta en marcha deles. Estas subvencións cubrirán, nos termos anteditos e mentres se manteña o servizo, a totalidade do custo dos salarios e da Seguridade Social.

2. Para estes efectos impulsarase preferentemente a contratación de mulleres con especiais dificultades de inserción laboral ou en situacións marcadas pola desvantaxe social."

Emenda nº10, de Modificación. Disposición derradeira primeira. Catro

Proponse a modificación do artigo 51 que quedará redactado co seguinte contido:

" Artigo 51º.-Medidas de apoio aos plans de programación do tempo da cidade.

1. O órgano superior da Administración autonómica competente en materia de igualdade fomentará, en coordinación co departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, o establecemento de plans de programación do tempo da cidade, de maneira especial se se implican varios concellos, nos termos do desenvolvemento regulamentario, mediante subvencións á contratación de persoas traballadoras desempregadas para a elaboración deles.

2. Tamén se poderán incluír axudas directas a suxeitos privados que asumisen compromisos sobre horarios da cidade cuxa execución lles xerase gastos debidamente xustificados."

Emenda nº11, de Modificación. Disposición derradeira segunda

Na disposición derradeira segunda. Referencias legislativas, proponse a seguinte modificación. Onde di: "... departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade.", debe dicir: "... órgano superior da Administración autonómica competente en materia de igualdade."

Emenda nº12, de Adición. Disposición derradeira segunda

Adición dunha nova disposición derradeira segunda bis, que que terá o seguinte contido:

"O órgano superior da Administración autonómica competente en materia de igualdade é na actualidade a Secretaría Xeral de Igualdade."

Emenda nº13, de Adición. Disposición derradeira segunda

Adición dunha nova disposición derradeira, que terá o seguinte contido:

"Disposición derradeira. Constituirase no prazo máximo de 3 meses dende a entrada en vigor desta lei a Comisión Interdepartamental de Igualdade, órgano colexiado, coordinado polo órgano superior da Administración autonómica competente en materia de igualdade, responsable do seguimento da aplicación da Lei 11/2001, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e dos correspondentes plans para a igualdade de oportunidades e da loita contra a violencia de xénero. Na Comisión Interdepartamental de Igualdade deberán estar representados todos os departamentos da Xunta de Galicia, o Consello Galego das Mulleres e o Consello Galego de Participación das Mulleres no Ámbito do Emprego e das Relacións Laborais."

Emenda nº14, de Modificación. Exposición de motivos

Modificación da exposición de motivos, no parágrafo quinto que comeza coa seguinte expresión: "Como continuación do proceso," ata o final do texto da exposición de motivos, débese substituír polo seguinte contido:

"Xa a Resolución da Xunta de Galicia de data 4 de maio de 2009 establecía que as funcións de dirección do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller eran asumidas de xeito temporal pola Secretaría Xeral de Igualdade. Esta situación debe pasar a ser definitiva, quedando así cumprido o obxectivo de racionalización das estruturas administrativas da Xunta de Galicia, pero garantindo a continuidade do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

Igualmente cos fins que esta lei persegue, e en relación coa estrutura organizativa das competencias en materia de igualdade, co obxecto de reforzar a aplicación do principio de



transversalidade, poñerase en marcha a Comisión Interdepartamental de Igualdade, creada pola Lei 11/2007, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. E onde estarán representados todos os departamentos da Xunta de Galicia, así como o Consello Galego das Mulleres e o Consello Galego de Participación das Mulleres no Ámbito do Emprego, existindo na mesma, en consecuencia, unha representación do tecido asociativo e sindical responsable da implementación das políticas de igualdade en Galicia. Quedando así salvagardada a vertente permeable e participativa das políticas de igualdade da Xunta de Galicia”.

Asinado dixitalmente por:

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/09/2010
18:10:44**



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Henrique Viéitez Alonso, Alfredo Suárez Canal e Tereixa Paz Franco deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta por escrito**, dirixida ao Goberno Galego, relativa á incidencia dos investimentos no concello de San Cristovo de Cea como consecuencia do desenvolvemento da convocatoria pública ao abeiro da orde do 29 de marzo do 2.010 para asignar novos parques eólicos.

No desenvolvemento da Lei 8/2009 pola que é regulado o aproveitamento eólico na Galiza, a orde do 29 de marzo do 2010 abre unha convocatoria pública para a selección de novos parques eólicos na Galiza. Dentro do limiar desta orde contemplase o impacto socioeconómico traducido, entre outras cuestións, en maiores posibilidades de investimento e, polo tanto, na mellora do desenvolvemento económico da Galiza.

Estes investimentos, que poden ser viabilizados de diversos xeitos, contemplase tamén a posibilidade de efectualos directamente nos concellos afectados.

Anque na orde a valoración final destes compromisos vira determinado por un factor de ponderación resultado do escenario final dos prezos de venda medio anual da enerxía xerada nos parques eólicos, non por iso deixa de ser necesario o coñecemento exacto das propostas feitas polos promotores é, polo tanto, formulamos as seguintes preguntas con resposta por escrito dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1ª) De todas as propostas presentadas polos promotores, cales son aquelas que contemplan compromisos de investimentos no concello de San Cristovo de Cea ?.

2ª) Cal é a cantidade global que van destinar en investimento para este concello?.

3ª) En que vai consistir dito investimento e cal é o calendario proposto para a súa execución?.

4ª) Cal é a valoración feita polo Goberno galego sobre a proposta de investimento para este concello e o seu grado de incidencia?.

Santiago de Compostela, 30 de xullo do 2010

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Alfredo Suárez Canal

Deputados do G.P. do BNG


Tereixa Paz Franco

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Henrique Viéitez Alonso na data 11/08/2010 13:25:14

Alfredo Suárez Canal na data 11/08/2010 13:25:19



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Tereixa Paz Franco na data 11/08/2010 13:25:22

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
 - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
 - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
 2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
 - 2.1 INVESTIDURA
 - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
 - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
 3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
 - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
 - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
 - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
 - 3.5 MOCIÓNS
 - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
 - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
 - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
 - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
 4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
 - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
 - 4.2 INTERPELACIÓNS
 - 4.3 PREGUNTAS
 - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
 - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
 5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
 - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
 - 5.3 VALEDOR DO POBO
 - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
 - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
 - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
 - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 - 6.5 VOGAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
 - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
 - 6.8 VOGAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
 - 6.9 VOGAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
 - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
 - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
 - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
 - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
 8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
 - 8.2 PERSOAL
 - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
 - 9.1 INFORMACIÓNS
 - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS
-



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727